Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical
Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
www.fsc.ccoo.es/galicia

Estimada compañeira, estimado compañeiro:

O vindeiro 21 de xuño xógase o formato de negociación colectiva na Deputación da Coruña durante os vindeiros catro anos. Es ti, co teu voto, o que decides si desexas posturas radicais, maximalistas e de confrontación ou si, por o contrario, prefires unha **negociación pragmática** cun goberno provincial que amosou no anterior mandato un claro recoñecemento pola labor dos empregados públicos desta casa.

Si apostas pola primeira opción, non somos o teu sindicato, mais si crees que o que o que corresponde é manter e **profundar nas canles de dialogo que CCOO conseguiu tecer co Goberno provincial** durante o mandato recen rematado, sen dúbida, somos a túa opción.

O 21 de maio decides, tamén, que central sindical será a maioritaria e, xa que logo, ostente a presidencia na Xunta de Persoal. Así pois, elixiras si queres un sindicalismo que focaliza a súa actuación sobre grupos de traballadores determinados ou si prefires un **sindicalismo de clase baseado na defensa ecuánime de todos e todas**.

Si prefires a primeira opción, elixe unha opción entre o resto de sindicatos, porque **CCOO defende un sindicalismo aberto e global centrado no ben común e no traballo para mellorar as condicións da maioría**. Neste sentido resulta revelador observar como o sindicato que antepuxo na negociación colectiva os intereses duns poucos, obtén cinco delegados de cinco en laborais, un colectivo de 48 persoas que curiosamente está constituído na súa inmensa maioría por persoal das zonas recadadoras. Tamén resulta elocuente observar como a lista doutro sindicato está constituída nun 80% por persoas do Fogar Infantil Emilio Romay e do área tributaria. Pola súa banda **CCOO dispón dunha candidatura que combina experiencia e renovación**, **baseada nunha representación plural** dos múltiples colectivos de persoal funcionario e dos distintos centros, incluíndo numerosos interinos.

O teu voto é crucial para evitar que o sindicalismo de confrontación amplíe a súa representación e que determinados colectivos como o persoal das zonas recadadoras, dominen a negociación sindical, obtendo beneficios por riba da maioría, porque os sindicatos que concentran os seus apoios en colectivos e centros concretos teñen asegurada a súa fidelidade a cambio de defender os seus intereses particulares.

Durante os últimos catro anos, nos que **CCOO ostentou a presidencia da Xunta de Persoal conquistáronse** os maiores logros sindicais, así producíronse **grandes melloras salariais** como o incremento do Complemento Específico mediante a valoración de postos ou o incremento da produtividade a través da nova paga por obxectivos globais. Pero tamén **importantes melloras na conciliación da vida laboral, familiar e persoal** como a recuperación do A44, o incremento do horario de verán ou a aplicación do horario do Nadal.

Ti decides, ti elixes. Vota CCOO